

sobre sociedades, o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, precedendo informe do órgano de inspección da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente en relación co suxeito pasivo e do consorcio da zona franca, sobre a actividade desenvolvida na zona franca por entidades e grupos, determinará consoante o disposto no artigo 4, sobre delimitación do recurso para estas entidades e grupos o importe do recurso que corresponde ó consorcio nos ingresos por autoliquidacións e liquidacións efectuadas pola Administración en concepto de pagamentos fraccionados e da declaración-liquidación anual do imposto sobre sociedades.

Para os efectos da aplicación do disposto no artigo 4, a Axencia Estatal de Administración Tributaria determinará provisoriamente a participación do consorcio na mesma proporción que tivese resultado da última declaración anual para a que se tivese fixado.

Unha vez que se presente a declaración-liquidación anual do imposto sobre sociedades, o órgano competente de inspección emitirá informe sobre a porcentaxe de recadación atribuíble ó consorcio. Este informe trasladarase ó consorcio da zona franca, para que poida face-las alegacións que coide oportunas. O órgano competente da Axencia estatal de Administración Tributaria, en consecuencia, practicarás as liquidacións que procedan a favor ou con cargo ó orzamento de ingresos, sen incluír en ningún caso xuros de demora.

O importe dos pagamentos ó consorcio polo recurso no superará anualmente o importe máximo que, se foi o caso, tivese fixado a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano. Neste suposto, o exceso de recadación do recurso sobre o importe máximo corresponderá ó Tesouro.

Artigo 8. *Aplicación do recurso.*

Do importe total do recurso correspondente ó consorcio da zona franca empregárase como máximo o 25 por 100 para os gastos do seu funcionamento. O resto destinarase a investimentos na zona franca e ás actividades de fomento propias das administracións territoriais que integran os consorcios das zonas francas.

Os consorcios da zona franca poderán aplica-lo remanente de recadación non empregado nun exercicio a idéntica finalidade en exercicios sucesivos.

Artigo 9. *Réxime de contabilidade e control.*

Os consorcios que perciban o recurso regulado nesta disposición ficarán sometidos a control financeiro exercido de forma centralizada pola Intervención Xeral da Administración do Estado, axustarán a súa contabilidade ás normas establecidas para as entidades públicas empresariais de carácter estatal e renderán as súas contas ó Tribunal de Contas por conducto da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados a base 9.^a do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos; e os artigos do 128 ó 140 do Real decreto do 22 de xullo de 1930, que aproba o regulamento en que se desenvolven as bases do real decreto lei citado.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Remisión ás Cortes Xerais.*

Deste real decreto legislativo darase conta ó Congreso dos Deputados e ó Senado.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda,

RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

24706 *LEI 52/1999, do 28 de decembro, de reforma da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. («BOE» 311, do 29-12-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orientación da política económica española repousa sobre o convencemento de que o crecemento estable e non inflacionario da economía e, consecuentemente, a creación de emprego, requiren outorgar un papel preponderante ó bo funcionamento dos mercados. Cabo disto, a integración da economía española no contexto comunitario e, en concreto, na Unión Económica e Monetaria condiciona a marxe de actuación do Goberno sobre o deseño da política macroeconómica, fundamentalmente sobre a política monetaria. Neste contexto, cobran especial relevancia as políticas de feitío microeconómico e, en especial, a política de defensa da competencia.

A Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, naceu co obxectivo de dota-los poderes públicos dun instrumento eficaz para garanti-la existencia dunha competencia suficiente e protexela de todo ataque contrario ó interese público, inspirándose nas normas comunitarias de defensa da competencia.

O afondamento no proceso de liberalización dos mercados que afronta a economía española fai necesario potenciar unha política de defensa da competencia, que garanta a efectividade do esforzo liberalizador e evite que o comportamento dos operadores económicos desvirtúe o funcionamento adecuado dos mercados e prive os consumidores das súas vantaxes.

Con este fin, no plan de liberalización aprobado polo Consello de Ministros o 21 de febreiro de 1997, fixouse como un dos obxectivos prioritarios do Goberno a reforma do sistema de defensa da competencia, obxectivo a que responde esta lei e que culmina o proceso de reforma iniciado co Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, en materia de control de concentracións.

Esta lei, partindo da premisa de que a política de defensa da competencia ten básica e xeralmente un carácter horizontal, na liña do que se manifestou nos parágrafos anteriores, procura afondar nos mecanismos que permitan un funcionamento eficaz dos mercados, co pleno respecto ó disposto na sentenza do Tribunal Constitucional que axuizou diversos preceptos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, na medida en que os aspectos substantivos da reforma unicamente se refiren a aspectos integrantes do réxime xurídico de defensa da competencia que no seu momento, unha vez que se teña procedido conforme indica o alto Tribunal a tramitar e

aproba-la correspondente lei que regule os criterios de conexión determinantes das atribucións ó Estado e ás comunidades autónomas de competencias na materia, poderán ser aplicados por uns órganos integrados nunha ou outra Administración conforme o que estableza o citado texto legal.

Por iso, e cumprindo o establecido polo Tribunal Constitucional, que declara entre tanto a validez do sistema actual, introdúcese un mandado ó Goberno para que presente ó Congreso dos Deputados un proxecto de lei polo que se regulen os criterios de conexión determinantes da atribución ó Estado e ás comunidades autónomas de competencias, previstas no marco legal de defensa da competencia, referidas ó coñecemento e aplicación da normativa estatal relativa a condutas prohibidas e autorizadas.

A lei procura tamén dotar de recursos os órganos encargados da defensa da competencia, xa que en órganos destas características a escaseza de medios conduce á imposibilidade práctica de cumprilos seus fins. Sen embargo, nun contexto como o actual de austeridade orzamentaria preténdese que a maior dotación de medios non sexa sufragada enteiramente polo conxunto dos cidadáns, para o cal se establece unha taxa pola análise das operacións de concentración económica.

A actual reforma non altera, no esencial, a tipificación dos acordos e prácticas restrictivas da competencia, manténdose os tipos xa establecidos na Lei 16/1989, de defensa da competencia. Non obstante, a aprobación con posterioridade á Lei 16/1989 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, aconsella establecer claramente que a actuación dos órganos de competencia en relación co artigo 7 da Lei 16/1989 se debe limitar a aqueles actos desleais que distorsionen gravemente as condicións de competencia no mercado con grave afectación do interese público, deixando ós tribunais ordinarios o coñecemento e axuízamento de condutas desleais doutro tipo.

Co obxecto de colaborar coa Administración de Xustiza e posibilitar unha tramitación dos procesos máis rápida, o Tribunal de Defensa da Competencia poderá elaborar, a pedimento dos órganos xurisdiccionais competentes, un informe non vinculante sobre os efectos que as condutas contrarias a esta lei puidesen ter sobre os mercados, sectores e operadores afectados, e, concretamente, sobre a procedencia e contía dun eventual dereito de indemnización dos danos e perdas irrogados.

Co fin de beneficia-los operadores económicos dun procedemento máis áxil, prevese a posibilidade de se autorizaren as operacións que non poñan en perigo as condicións de competencia no mercado, sometidas a compromisos das partes. Isto supón introducir nos procedementos de defensa da competencia a posibilidade de terminación convencional prevista con carácter xeral na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En materia de axudas públicas, a experiencia ten demostrado que o actual artigo dezanove da lei establece un instrumento pouco efectivo de control daquelas que distorsionan ou poden distorsiona-la competencia. Isto aconsella completa-la iniciativa do ministro de Economía e Facenda para que o Tribunal estudie casos de axudas, coa posibilidade de o dito estudio se iniciar tamén de oficio.

Canto ó procedemento sancionador, introdúcese reformas concretas, tendentes a lograr unha maior eficacia dos órganos de defensa da competencia. A tal fin, limítanse as posibilidades de recurso contra cuestións incidentais, sen que isto implique un prexuízo dos dereitos das partes por canto o seu dereito de defensa poderá desenvolverse con total plenitude na fase do procedemento

que se desenvolva perante o Tribunal. A experiencia ensinou que a proliferación de recursos sobre cuestións incidentais e, a miúdo, pouco fundadas, obstaculiza enormemente o procedemento en detrimento do interese dos propios administrados.

Establécese o carácter especial do procedemento de aplicación da normativa de defensa da competencia e, en concreto, do procedemento sancionador previsto nela. As normas sobre procedemento administrativo, contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, só serán de aplicación con carácter supletorio.

Ademais, establécese, consecuentemente coa reforma prevista e o recollido noutras leis, as funcións dos órganos de competencia, delimitándoas con maior precisión respecto das encomendadas a outros órganos e institucións administrativas, de competencia sectorial.

Por último, mantense o estatuto xurídico do Tribunal de Defensa da Competencia.

Artigo primeiro. *Modificación do número 3 do artigo 1.*

Modifícase o número 3 do artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 1. *Conductas prohibidas.*

3. Os órganos de defensa da competencia poderán decidir non iniciar ou sobrese-los procedementos previstos nesta lei respecto de condutas que, pola súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa a competencia.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 2.*

Modifícase o artigo 2 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 2. *Conductas autorizadas por lei.*

1. Sen prexuízo da eventual aplicación das disposicións comunitarias en materia de defensa da competencia, as prohibicións do artigo 1 non se aplicarán ós acordos, decisións, recomendacións e prácticas que resulten da aplicación dunha lei.

Pola contra, serán de aplicación ás situacións de restricción de competencia que se deriven do exercicio doutras potestades administrativas ou sexan causadas pola actuación dos poderes públicos ou as empresas públicas sen o dito abeiro legal.

2. O Tribunal de Defensa da Competencia poderá formular proposta motivada ó Goberno a través do Ministerio de Economía e Facenda para que adopte ou inste da autoridade pública competente, se for o caso, a modificación ou supresión das situacións de restricción da competencia establecidas de acordo coas normas legais.»

Artigo terceiro. *Modificación do número 2 do artigo 3.*

Modifícase o número 2 do artigo 3 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 3. *Supostos de autorización.*

2. Así mesmo, poderanse autorizar, sempre na medida en que se achen xustificadas pola situación económica xeral e o interese público, os acordos, decisións, recomendacións e prácticas a que se refi- re o artigo 1, ou categorías deles, que:

a) Teñan por obxecto defender e promove-las exportacións, sempre que non alteren a competencia no mercado interno e sexan compatibles

coas obrigas que resulten dos convenios internacionais ratificados por España, ou

b) Produzan unha elevación suficientemente importante do nivel social e económico de zonas ou sectores deprimidos, ou

c) Atendendo á súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa a competencia.»

Artigo cuarto. *Modificación do número 1 e adición de dúas novas alíneas f) e g), ó número 2 do artigo 6.*

1. O número 1 do artigo 6 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas:

a) Da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional.

b) Da situación de dependencia económica en que se poidan encontra-las súas empresas clientes ou provedores que non dispoñan de alternativa equivalente para o exercicio da súa actividade. Esta situación presumírase cando un provedor, alén dos descontos habituais, debe conceder ó seu cliente de forma regular outras vantaxes adicionais que non se conceden a compradores similares.»

2. Engádense dúas novas alíneas f) e g) ó número 2 do artigo 6 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, co seguinte contido:

«f) A ruptura, aínda que sexa de forma parcial, dunha relación comercial establecida sen que existise aviso previo escrito e preciso cunha anticipación mínima de 6 meses, salvo que se deba a incumprimentos graves das condicións pactadas polo provedor ou en caso de forza maior.

g) Obter ou tentar obter, baixo a ameaza de ruptura das relacións comerciais, prezos, condicións de pagamento, modalidades de venda, pagamento de cargos adicionais e outras condicións de cooperación comercial non recollidas nas condicións xerais de venda que se teñan pactadas.»

Artigo quinto. *Modificación do artigo 7.*

O artigo 7 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 7. *Falseamento da libre competencia por actos desleais.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia coñecerá, nos termos que esta lei establece para as condutas prohibidas, dos actos de competencia desleal sempre e cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que ese acto de competencia desleal distorsione gravemente as condicións de competencia no mercado.

b) Que esa grave distorsión afecte o interese público.

2. Cando, a xuízo do Servicio de Defensa da Competencia, non concorran as ditas circunstancias, procederá o arquivo das actuacións.»

Artigo sexto. *Adición de novos números 5 e 6 ó artigo 10.*

Engádense dous novos números, 5 e 6, ó artigo 10 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, co seguinte contido:

«Artigo 10. *Multas sancionadoras.*

5. Non se imporán multas por infracción do artigo 1 se se presentase, con anterioridade á iniciación dunha información reservada previa á incoación de expediente sancionador, notificación A/B perante os servicios da Comisión Europea en aplicación do Regulamento do Consello da CEE número 17/62, do 6 de febreiro.

6. Con independencia do disposto nos números anteriores deste artigo, se o Tribunal de Defensa da Competencia apreciase mala fe ou grave temeridade na actuación dalgunha das partes ante os órganos de defensa da competencia, poderalle impor unha multa non superior a 5.000.000 de pesetas ou 30.050,61 euros.»

Artigo sétimo. *Modificación do artigo 11 da lei.*

O artigo 11 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Multas coercitivas.*

O Tribunal de Defensa da Competencia, independentemente das multas sancionadoras, poderá impor ás empresas, asociacións, unións ou agrupacións destas, e axentes económicos en xeral, multas coercitivas de 10.000 a 500.000 pesetas ou 60,10 a 3.005,06 euros ó día co fin de as obrigar:

a) A cesaren nunha acción que fose declarada prohibida conforme o disposto na lei.

b) A removeren os efectos distorsionadores das condicións de competencia provocados por unha infracción.

c) A cumpriren os compromisos adoptados polos ditos suxeitos no marco dun acordo de terminación convencional do procedemento.

d) A cumpriren o establecido no artigo 46.5 desta lei.»

Artigo oitavo. *Modificación do artigo 12.*

O artigo 12 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Prescrición das infraccións e das sancións.*

1. Prescribirán:

a) Ós catro anos, as infraccións previstas neste texto legal. O termo da prescrición comezará a correr desde o día en que se cometeu a infracción.

b) Ós catros anos, as sancións.

2. A prescrición interrómtese por calquera acto do Tribunal ou do Servicio de Defensa da Competencia, con coñecemento formal do interesado, tendente á investigación, instrucción ou persecución da infracción.

3. A prescrición tamén se interrompe polos actos realizados polos interesados co obxecto de aseguraren, cumpriren ou executaren os acordos sancionadores »

Artigo noveno. *Adición dun novo número 3 ó artigo 13.*

Engádense un novo número 3 ó artigo 13 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, co seguinte contido:

«3. O Tribunal de Defensa da Competencia poderá, cando lle sexa requirido por órgano xudicial

competente, emitir un informe sobre a procedencia e contía das indemnizacións que os autores das conductas previstas nos artigos 1, 6 e 7 desta lei deban satisfacer ós denunciante e terceiros que resultasen prexudicados como consecuencia daquelas.»

Artigo décimo. Modificación do artigo 19.

O artigo 19 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 19. *Axudas públicas.*

1. O establecido neste artigo entenderase sen prexuízo dos artigos 87 ó 89 do Tratado da Comunidade Europea, da alínea c) do artigo 4 do Tratado da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Regulamento (CE) número 659/1999 do Consello, do 22 de marzo.

2. Para os efectos desta lei enténdese por axuda pública as achegas de recursos a operadores económicos e empresas públicas ou privadas, así como a producións, con cargo a fondos públicos ou calquera outra vantaxe concedida polos poderes ou entidades públicas que supoña unha redución das cargas a que deberían facer fronte os operadores económicos e as empresas en condicións de mercado ou que non leve implícita unha contraprestación en condicións de mercado. Tamén se considerará axuda calquera outra medida de efecto equivalente ó das anteriores que distorsione a libre competencia.

3. O Tribunal de Defensa da Competencia, de oficio ou por instancia do ministro de Economía e Facenda, analizará os criterios de concesión das axudas públicas, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia co fin de emitir un informe que elevará ó Consello de Ministros. Este informe será público. O Consello de Ministros, á vista do contido do informe do Tribunal de Defensa da Competencia, decidirá, segundo os casos, propor ós poderes públicos a supresión ou a modificación dos citados criterios, así como, cando for o caso, as demais medidas conducentes ó mantemento ou ó restablecemento da competencia, todo isto sen prexuízo das competencias que corresponden nesta materia á Comisión Europea.»

Artigo décimo primeiro. Modificación do artigo 21.

O artigo 21 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado e pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 21. *Composición.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia está integrado por oito vocais e un presidente nomeados polo Goberno por proposta do ministro de Economía e Facenda, entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio.

2. O nomeamento do presidente e os vocais será por cinco anos renovables por unha soa vez. Cada dous anos e medio renovarase a metade dos membros do Tribunal.

3. Os vocais do Tribunal terán a consideración de altos cargos. Cando o nomeamento recaia en persoas ó servizo das administracións públicas en activo, estas pasarán á situación de servizos especiais ou equivalente.

4. O Tribunal elixirá, entre os vocais, un vicepresidente. Caso de empate será elixido o vocal de maior antigüidade no cargo e, a antigüidade igual, o de maior idade. O vicepresidente substituirá

o presidente en casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

5. En canto non se produza o nomeamento de vicepresidente, e en casos de ausencia do presidente e o vicepresidente, exercerá a presidencia o vocal de maior antigüidade e, a antigüidade igual, o de maior idade.

6. O Tribunal estará asistido por un secretario.»

Artigo décimo segundo. Modificación do artigo 24.

O artigo 24 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 24. *Funcionamento do Tribunal.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia enténdese validamente constituído coa asistencia do presidente ou vicepresidente e cinco vocais.

2. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta de votos dos asistentes. Caso de empate decidirá o voto de quen presida.

3. O Tribunal poderá aprobar ou elaborar un regulamento de réxime interior no que regule a súa organización e funcionamento interno. Este regulamento interno publicarase no "Boletín Oficial del Estado".»

Artigo décimo terceiro. Modificación do artigo 25.

O artigo 25 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 25. *Competencia.*

Compete ó Tribunal de Defensa da Competencia:

a) Resolver e dictaminar sobre os asuntos que ten atribuídos por esta lei.

b) Autoriza-los acordos, decisións, recomendacións e prácticas a que se refire o artigo 1, nos supostos e cos requisitos previstos no artigo 3.

c) Aplicar en España os artigos 85.1 e 86 do Tratado da Comunidade Europea e o seu dereito derivado.

d) Informar sobre as operacións de concentración económica de dimensión comunitaria que sexan remitidos pola Comisión Europea en aplicación das normas comunitarias de control de concentracións pola Comisión.

e) Dictaminar sobre os proxectos de apertura de grandes establecementos comerciais, segundo establece a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

f) Solicita-la instrucción de expedientes polo Servizo de Defensa da Competencia.

g) Realiza-las funcións de arbitraje, tanto de dereito como de equidade, que lle encomenden as leis e, en particular, as establecidas no artigo 7 da Lei 21/1997, do 3 de xullo, reguladora das emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos.

h) Elabora-lo informe que, canto ás eventuais indemnizacións de danos e perdas, prevé o artigo 13 desta lei.

i) Elabora-lo informe que, en materia de axudas públicas, prevé o artigo 19 desta lei.»

Artigo décimo cuarto. Modificación do artigo 26.

O artigo 26 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado como segue:

«Artigo 26. *Funcións consultivas.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia poderá ser consultado en materia de competencia

polas cámaras legislativas, o Goberno, os distintos departamentos ministeriais, as comunidades autónomas, as corporacións locais, as cámaras de comercio e as organizacións empresariais, sindicais ou de consumidores e usuarios.

2. O Tribunal promoverá e realizará estudos e traballos de investigación en materia de competencia.

3. O Tribunal emitirá informe sobre os proxectos ou proposicións de lei polos que se modifique ou derogue total ou parcialmente o presente texto legal, así como sobre os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan.»

Artigo décimo quinto. *Modificación do artigo 27.*

Queda modificado o artigo 27 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 27. *Competencias do Pleno.*

Corresponde ó Pleno do Tribunal de Defensa da Competencia:

a) Elabora-lo seu regulamento de réxime interior, no cal se establecerá o seu funcionamento administrativo e a organización dos seus servizos.

b) Elixir de entre os seus membros o vicepresidente.

c) Resolver sobre as recusacións, incompatibilidades e correccións disciplinarias e aprecia-la incapacidade e o incumprimento grave das súas funcións polo presidente, vicepresidente e vocais.

d) Nomear e acorda-lo cesamento do secretario.

e) Propo-lo proxecto de relación de postos de traballo ou emitir informe sobre el.

f) Prepara-lo anteproxecto do orzamento xeral de gastos do Tribunal.

g) Elaborar unha memoria anual.

h) Manter relacións con outros organismos análogos.»

Artigo décimo sexto. *Modificación do artigo 28.*

O artigo 28 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 28. *Funcións do presidente.*

1. Son funcións do presidente do Tribunal de Defensa da Competencia:

a) Convoca-lo Pleno por iniciativa propia ou a pedimento de, polo menos, tres dos vocais, e presídilo.

b) Establece-lo criterio de distribución de asuntos entre salas e seccións.

c) Mante-la boa orde e goberno do Tribunal.

d) Dar conta das vacantes que se produzan no Tribunal.

e) Resolve-las cuestións non asignadas ó Pleno do Tribunal.

f) Representalo nas relacións con outros órganos públicos.

g) Exercer funcións de xefatura en relación co persoal do Tribunal.

h) Ordena-los gastos do Tribunal.

2. O presidente poderá delegar no vicepresidente as facultades que considere conveniente.»

Artigo décimo sétimo. *Modificación do artigo 31.*

O artigo 31 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 31. *Funcións do Servicio de Defensa da Competencia.*

Son funcións do Servicio de Defensa da Competencia:

a) Instruí-los expedientes por conductas incluídas nesta lei.

b) Vixia-la execución e o cumprimento das resolucións que se adopten en aplicación desta lei e, se for o caso, declara-la prescrición da acción para esixi-lo cumprimento das sancións previstas no artigo doce desta lei.

c) Leva-lo Rexistro de Defensa da Competencia.

d) As de estudio e investigación dos sectores económicos, analizando a situación e o grao de competencia de cada un deles, así como a da posible existencia de prácticas restrictivas da competencia. Como consecuencia dos estudos e investigacións efectuadas poderá propo-la adopción de medidas conducentes á remoción dos obstáculos en que se abeire a restricción.

e) As de información, asesoramento e proposta en materia de acordos e prácticas restrictivas, concentración e asociación de empresas, grao de competencia no mercado interior e exterior en relación co mercado nacional, e sobre as demais cuestións relativas á defensa da competencia.

f) As de cooperación, en materia de competencia, con organismos estranxeiros e institucións internacionais.

g) Levar a cabo as funcións de colaboración entre a Administración española e a Comisión Europea na aplicación en España das regras comunitarias da competencia. Estas funcións realizaranse en coordinación cos departamentos sectoriais competentes da Administración pública.

h) Exerce-las competencias que lle atribúen os artigos do 15 ó 18 desta lei en materia de control de concentracións.

i) Promover e acorda-la terminación convencional dos procedementos tramitados como consecuencia de conductas prohibidas nesta lei.

j) Emitir informe sobre os anteproxectos de normas que afecten a competencia.

k) Dirixir informes, recomendacións ou ámbalas cousas sobre materias de defensa da competencia a calquera dos departamentos ministeriais, comunidades autónomas, corporacións locais, cámaras de comercio e organizacións empresariais, sindicais ou de consumidores e usuarios.

l) Estudiar e someter ó Goberno as oportunas propostas de modificación da aplicación do dereito nacional e comunitario.»

Artigo décimo oitavo. *Modificación do artigo 31 bis.*

Modifícase o artigo 31 bis da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 31 bis. *Funcións do director do Servicio de Defensa da Competencia.*

1. Correspóndelle ó director do Servicio de Defensa da Competencia:

a) Propor ó ministro de Economía e Facenda, para a súa elevación, se procede, ó Consello de Ministros, as directrices de política de defensa da competencia no marco da política económica daquel.

b) Propor ó Goberno a adopción de regulamentos de exención previstos no artigo quinto desta lei respecto das categorías de acordos, decisións, recomendacións e prácticas a que se refiren os artigos 3.1 e 3.2 desta lei.

c) Aprobar un programa anual de avaliación das consecuencias da aplicación das regras de competencia que permita orienta-la dedicación de medios, a evolución da doutrina e os remedios adoptados.

d) Representa-lo Servicio de Defensa da Competencia.

e) Dar publicidade no "Boletín Oficial del Estado" ós regulamentos de exención do artigo 5 desta lei.

f) Decidir sobre a conveniencia de insta-la aplicación do previsto no número 3 do artigo 22 do Regulamento comunitario de control de concentracións.

g) Exerce-las competencias que lle atribúen os artigos 15 e 18 desta lei.

2. O director do Servicio de Defensa da Competencia desempeña a xefatura del e pode exercer tódalas competencias que esta lei atribúe ó Servicio.»

Artigo décimo noveno. *Modificación do artigo 32.*

O artigo 32 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado e pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 32. *Deberes de colaboración e información.*

1. Toda persoa natural ou xurídica fica suxeita ó deber de colaboración co Servicio de Defensa da Competencia e está obrigada a proporcionar, a requirimento deste, e nun prazo de dez días, toda clase de datos e informacións necesarias para a aplicación desta lei.

O prazo de dez días a que se refire o parágrafo anterior poderá ser ampliado polo Servicio de Defensa da Competencia, de oficio ou por instancia da persoa requirida, cando a dificultade de obter datos ou informacións o xustifique.

2. O incumprimento da obriga establecida no número anterior será sancionado polo director do Servicio con multas coercitivas de 60,10 a 3.005,06 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de achega en prazo dos datos e informacións a que se refire o número anterior.

3. A cesión de datos ou antecedentes de natureza tributaria rexerese polo disposto no artigo 113 da Lei xeral tributaria.»

Artigo vixésimo. *Modificación do número 2 do artigo 33.*

Modifícase o número 2 do artigo 33 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 33. *Funcións de investigación e inspección.*

2. Os funcionarios, no curso das inspeccións, poderán examinar, obter copias ou realizar extractos dos libros, documentos, mesmo de carácter contable e, se proceder, retelos por un prazo máximo de dez días. No curso das inspeccións, os funcionarios poderán, así mesmo, solicitar explicacións verbais in situ.»

Artigo vixésimo primeiro. *Modificación do artigo 34.*

O artigo 34 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 34. *Investigación domiciliaria.*

1. O acceso ós locais poderase realizar co consentimento dos seus ocupantes ou mediante mandado xudicial.

2. Se existir consentimento dos ocupantes, o funcionario habilitado mostrará o oficio e entregará copia en que conste a súa designación polo director do Servicio de Defensa da Competencia, os suxeitos investigados, os datos, documentos e operacións que serán obxecto de inspección, a data en que a actuación se deba practicar e o alcance da investigación.

3. Cando existir oposición ó acceso ós locais ou se correr o risco de tal oposición, o director do Servicio solicitará autorización de entrada no domicilio ó Xulgado do Contencioso-administrativo, e no oficio faranse consta-los datos previstos no número anterior, así como os necesarios para a adecuada identificación dos locais en que se pretende a entrada.

O xulgado competente resolverá no prazo máximo de corenta e oito horas.

4. De tódalas entradas en locais e da inspección redactarase unha acta asinada polo funcionario autorizado e por un dos seus ocupantes, á que se xuntará, se for o caso, a relación de documentos retidos temporalmente.

5. O funcionario expedirá unha copia da acta a nome da persoa que autorizase a entrada no local. Se a entrada e inspección se realizaren en virtude de autorización xudicial, o orixinal da acta e os documentos retidos, se for o caso, entregaranse ó xulgado correspondente, e o secretario deste dilixenciará unha copia a nome do funcionario que levou a cabo a inspección e outra a nome do ocupante ante o cal se realizou a investigación. Tamén se lle entregará, se for o caso, ó funcionario a documentación retida.

6. Os datos e informacións obtidos só poderán ser utilizados para as finalidades previstas nesta lei.»

Artigo vixésimo segundo. *Modificación do artigo 36.*

O artigo 36 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 36. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento é iniciado polo Servicio de defensa da Competencia de oficio ou por instancia de parte interesada.

A denuncia das condutas prohibidas por esta lei é pública; calquera persoa, interesada ou non, a pode formular ante o Servicio, que iniciará expediente cando se observen indicios racionais da súa existencia.

2. A denuncia presentase na forma e co contido que se determine regulamentariamente, que, como mínimo, debe conter:

— Nome ou razón social e domicilio do denunciante e, no caso de actuar por medio de representante, acreditación da representación e domicilio para notificacións.

— Nome ou razón social e domicilio do denunciado ou denunciados.

— Feitos dos que se deriva a existencia de infracción e probas, como se haxa, daqueles.

— Intereses lexítimos de acordo co artigo 31 da Lei 30/1992, para poder ser considerado interesado no eventual expediente sancionador.

3. Perante a noticia da posible existencia dunha infracción, o Servicio poderá proceder á instrución dunha información reservada antes de resolve-la iniciación de expediente sancionador, mesmo con investigación domiciliaria das empresas implicadas. Cando o Servicio considere que non

hai indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia, poderá non iniciar-lo procedemento e acorda-lo arquivo das actuacións.

4. Na providencia en que se acorde a iniciación do expediente nomearase un instructor e, se procede, un secretario, o que se notificará ós interesados.

5. Iniciado o expediente, poderase publicar unha nota sucinta sobre os asuntos fundamentais del, co obxecto de calquera poder achegar información nun prazo que non excederá de quince días.

A referida nota poderase publicar no "Boletín Oficial del Estado" e, se for o caso, en calquera outro medio de difusión que garanta unha publicidade suficiente.

6. O Servicio, por iniciativa propia ou por instancia dos interesados, poderá dispo-la acumulación de expedientes cando entre eles exista unha conexión directa.

7. O Servicio dará conta ó Tribunal de Defensa da Competencia das denuncias recibidas, do arquivo das actuacións, dos acordos de terminación convencional e das providencias de incoación de expedientes, sexan de oficio ou por instancia de parte interesada.»

Artigo vixésimo terceiro. *Adición dun novo artigo 36 bis.*

Engádesse un novo artigo, 36 bis, á Lei 16/1989, do 17 de xullo, co seguinte contido:

«Artigo 36 bis. *Supostos de inadmisión e terminación convencional.*

1. O Servicio de Defensa da Competencia poderá:

a) Acordar non iniciar-lo procedementos derivados da presunta realización das conductas prohibidas polos artigos 1 e 6 que, pola súa escasa importancia, non afecten de maneira significativa as condicións de competencia.

b) Acordar non iniciar-lo procedementos derivados da presunta realización das conductas previstas no artigo 7 desta lei cando considere que non concorren as circunstancias previstas no dito artigo.

c) Acorda-la terminación convencional dunha investigación que se iniciase de oficio ou por instancia de parte interesada por posible infracción dos artigos 1, 6 e 7 da lei, sempre que a dita terminación non resulte contraria ó disposto nesta lei e estea encamiñada a finaliza-las actuacións administrativas.

2. Nos procedementos de terminación convencional, o Servicio determinará quen son os interesados no asunto, co fin de poderen ser oídos no curso do procedemento.

A terminación convencional dos procedementos non se poderá acordar naqueles casos en que resulte contraria ó ordenamento xurídico e resulte prexudicial para terceiros. Tampouco se poderá acorda-la terminación convencional unha vez notificado o prego de concreción de feitos.

Os acordos para a terminación convencional dunha investigación deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, territorial e temporal, o obxecto dos compromisos e o alcance deles. Estes acordos deberán ser adoptados polo director do Servicio e os interesados.

Os que acrediten interese lexítimo e non toman parte nos acordos de terminación convencional

poderán interpor contra eles o recurso ante o Tribunal de Defensa da Competencia previsto no artigo 47 desta lei.»

Artigo vixésimo cuarto. *Modificación do artigo 37.*

O artigo 37 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 37. *Instrucción do expediente sancionador.*

1. O Servicio de Defensa da Competencia practicará os actos de instrucción necesarios para o esclarecemento dos feitos e a determinación de responsabilidades.

Os feitos que poidan ser constitutivos de infracción recolleranse nun prego de concreción de feitos que se notificará ós presuntos infractores para que, nun prazo de quince días, o poidan contestar e, se for o caso, propo-las probas que coiden pertinentes e, cerrado o período probatorio, efectuar no prazo de dez días a súa valoración.

As probas propostas polos presuntos infractores serán recollidas no informe do Servicio, expresando a súa práctica ou ben a denegación dela.

2. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento, aducir alegacións, que serán tidas en conta polo Servicio ó redacta-lo informe a que se refire o número seguinte.

3. O Servicio, unha vez instruído o expediente, remitirao ó Tribunal de Defensa da Competencia, acompañado dun informe que exprese as condutas observadas, os seus antecedentes, os seus autores, os efectos producidos no mercado, a cualificación que lle merezan os feitos e as responsabilidades que corresponden ós autores.

4. Cando, trala instrucción necesaria, o Servicio considere que non se acreditou a existencia de prácticas prohibidas, redactará a proposta de sobresemento, que se notificará ós interesados para no prazo de dez días faceren as alegacións oportunas. Posteriormente o Servicio poderá acorda-lo sobresemento do expediente con arquivo das actuacións. Contra o dito acordo poderase interpor recurso conforme o disposto polos artigos 47 e 48 desta lei.»

Artigo vixésimo quinto. *Modificación do artigo 38.*

O artigo 38 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Instrucción do expediente de autorización.*

1. O procedemento para autoriza-las acordos, decisións, recomendacións e prácticas a que se refire o artigo 3 iniciarase por instancia de parte interesada.

2. A solicitude de autorización deberá conter, en todo caso, tódolos datos necesarios para poder aprecia-la natureza e efectos da conducta e, en particular, os datos identificativos das partes que interveñen, o obxecto da solicitude e a información sobre o mercado ou mercados afectados.

3. Iniciado un expediente para a constatación da existencia de acordos, decisións, recomendacións ou prácticas prohibidas no artigo 1, os interesados poderán pedir que se declaren autorizados de conformidade co artigo 3.

4. Na tramitación das autorizacións o servicio de Defensa da Competencia publicará a nota sucinta prevista no artigo 36.5 desta lei, realizará as pescudas necesarias, oír os interesados e remitirá o expediente ó Tribunal, no prazo máximo de trinta días, coa cualificación que lle mereza.

5. Cando o Servicio considere que a información subministrada é manifestamente insuficiente para cualifica-la solicitude, requirirá ó solicitante para que facilite os datos e información necesarios nun prazo de dez días, quedando suspendido no prazo de trinta días ata que sexa cumprido o requirimento.

6. Nos supostos a que se refire o artigo 3.1. desta mesma lei será preceptivo solicita-lo informe do Consello de Consumidores e Usuarios.»

Artigo vixésimo sexto. *Modificación do número 2 do artigo 40.*

O número 2 do artigo 40 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado como segue:

«2. O Tribunal poderá dispo-la práctica de cantas probas considere procedentes sempre que non sexan reprodución das practicadas ante o Servicio de Defensa da Competencia, dando intervención ós interesados.»

Artigo vixésimo sétimo. *Modificación do artigo 47.*

Modifícase o artigo 47 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 47. *Recurso contra os actos dictados polo Servicio de Defensa da Competencia.*

Os actos do Servicio de Defensa da Competencia que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar un procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, serán impugnables ante o Tribunal de Defensa da Competencia no prazo de dez días.

Non se considerará que existe indefensión pola denegación da práctica de probas solicitadas por parte interesada, sempre que esa decisión sexa adoptada mediante resolución debidamente motivada e que as probas das que se solicite a práctica sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias e, en todo caso, cando se poidan practicar perante o Tribunal.

Nestes casos, e en todos aqueles en que o recurso interposto careza manifestamente de fundamento, o Tribunal poderá declara-la súa inadmisibilidade en resolución debidamente motivada.»

Artigo vixésimo oitavo. *Modificación do número 1 do artigo 48.*

Queda modificado o número 1 do artigo 48 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, nos seguintes termos:

«Artigo 48. *Trámites e resolución.*

1. O recurso presentarase perante o Tribunal de Defensa da Competencia, o cal ordenará ó Servicio de Defensa da Competencia que lle remita o expediente co seu informe no prazo de cinco días.»

Artigo vixésimo noveno. *Modificación do artigo 50.*

O artigo 50 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 50. *Supletoriade da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Os procedementos administrativos en materia de defensa da competencia rexeranse pola súa nor-

mativa específica e, supletoriamente, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Artigo trixésimo. *Adición dun novo artigo 51 bis.*

Engádese un novo artigo, 51 bis, á Lei 16/1989, do 17 de xullo, co seguinte contido:

«Artigo 51 bis. *Relacións con outras administracións públicas.*

1. Os órganos previstos nesta lei son os únicos competentes para a instrución e resolución dos procedementos que nela se regulan en materia de defensa da competencia. No suposto de que outras administracións públicas, por razón das súas funcións, puidesen ter coñecemento de feitos que considerasen contrarios ás previsións desta lei, limitaranse a dar traslado deles e da documentación que se ache no seu poder ó Servicio de Defensa da Competencia, co fin de que, se procede, se poida iniciar-la tramitación dos correspondentes expedientes.

2. O Servicio de Defensa da Competencia, cando sexa preciso para o exercicio das súas funcións, poderá solicita-la colaboración dos órganos competentes das comunidades autónomas. Co mesmo fin, os servicios competentes das comunidades autónomas poderán elaborar para a súa remisión ó Servicio de Defensa da Competencia, e para os fins previstos neste artigo, informes relativos á existencia de prácticas, acordos ou conductas que consideren contrarias a esta lei.»

Artigo trixésimo primeiro. *Modificación do artigo 54.*

O artigo 54 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 54. *Sancións.*

1. As sancións impostas en aplicación desta lei entenderanse sen prexuízo doutras responsabilidades que procedan en cada caso.

2. A recadación en vía executiva das multas efectuarase conforme o previsto no Regulamento xeral de recadación.

3. O importe das multas previstas nesta lei ingresarase no Tesouro Público.»

Artigo trixésimo segundo. *Modificación do artigo 56.*

Modifícase o artigo 56 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 56. *Prazos máximos do procedemento.*

1. O prazo máximo de duración da fase do procedemento sancionador que ten lugar ante o Servicio de Defensa da Competencia será de doce meses contados desde a súa iniciación formal ata a remisión do expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia ou da notificación do acordo que, de calquera xeito, poña termo ó procedemento tramitado ante o Servicio.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo da posible ampliación do prazo de conformidade co establecido nos números 5 e 6 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En calquera caso, o prazo a que fai referencia este número interromperase en caso de interposición do recurso administrativo previsto no artigo 47 desta lei, ou do xurdimento de cuestións incidentais en que o artigo 42.5. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, prevé a suspensión, así como cando sexa necesaria a coordinación coa Unión Europea ou a cooperación con unidades de competencia doutros países. En tales casos, o Servicio deberá dar conta da resolución de interrupción ós interesados.

Transcorrido o prazo previsto neste número e, se for o caso, o prazo resultante dun acordo de ampliación sen que o Servicio remitise o expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia para a súa resolución ou acordase o seu sobresemento, procederase, de oficio ou por instancia de calquera interesado, a declara-la súa caducidade.

2. O Tribunal dictará resolución, e notificaráa, no prazo máximo de doce meses contados desde a admisión a trámite do expediente. O prazo interromperase cando xurda cuestións incidentais en que a lei prevea a suspensión, se interpoñan recursos e se acorde a suspensión polo órgano xurisdiccional competente, se acorde a práctica de dilixencias para mellor prover polo Tribunal de Defensa da Competencia, se deba proceder a cambio de cualificación nos termos do artigo 43.1 desta lei ou se acorde a suspensión pola concorrencia cun procedemento ante os órganos comunitarios ou coa instrucción dun proceso penal, así como para a presentación dunha cuestión pre-xudicial ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. Tamén neste caso será de aplicación o disposto no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorridos trinta días desde o vencemento do prazo anterior, se o Tribunal non dictou resolución, procederá de oficio ou por instancia de calquera interesado, a declara-la caducidade do procedemento.»

Artigo trixésimo terceiro. *Adición dun novo artigo 57.*

Engádesse un novo artigo, 57, á Lei 16/1989, do 17 de xullo, co seguinte contido:

«Artigo 57. *Taxa por análise e estudio das operacións de concentración.*

1. Créase a taxa por análise e estudio das operacións de concentración, que se rexerá polo disposto nesta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito imponible da taxa a realización da análise e estudio de todo proxecto ou operación de concentración de empresas que se leven a cabo consoante o artigo 14 desta lei.

3. Non estará suxeita á taxa a consulta previa prevista no número 5.º do artigo 15 desta lei.

4. Serán suxeitos pasivos das taxas as entidades que resulten obrigadas a notifica-la operación de concentración.

5. A esixibilidade da taxa producirase cando o suxeito pasivo presente a notificación obrigatoria prevista no artigo 15 desta lei, pola que se inicia a actividade ou o expediente administrativo, o cal non se tramitará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

6. A contía da taxa regulada neste precepto será de 500.000 pesetas ou 3.005,06 euros cando o volume de vendas global en España do conxunto dos partícipes no acordo de concentración sexa igual ou inferior a 40.000 millóns de pesetas ou 240.404.841,75 euros, de 1.000.000 de pesetas ou 6.010,12 euros, cando sexa igual ou inferior a 80.000 millóns de pesetas ou 480.809.683,51 euros e de 2.000.000 de pesetas ou 12.020 euros cando o volume de facturación sexa superior a 80.000 millóns de pesetas ou 480.809.683,51 euros.

7. O pagamento da taxa realizarase en efectivo, nos termos previstos na normativa vixente en materia de recadación.

8. A xestión da taxa será levada a cabo polo Servicio de Defensa da Competencia nos termos que se establezan nas disposicións regulamentarias dictadas no desenvolvemento da lei, que poderán preve-la obriga para os suxeitos pasivos de practicaren operacións de autoliquidación tributaria.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do artigo 1.dous.2.f) da Lei de liberalización das telecomunicacións.*

Modifícase o artigo 1.dous.2.f) da Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Adopta-las medidas necesarias para salvagarda-la pluralidade de oferta de servicios, o acceso ás redes de telecomunicacións polos operadores, a interconexión das redes e subministración de rede en condicións de rede aberta e a política de prezos e comercialización polos operadores dos servicios. Para estes efectos, a Comisión exercerá as seguintes funcións:

1.º Poderá dictar, sobre as materias indicadas, instrucións dirixidas ás entidades que operen no sector, que serán vinculantes unha vez publicadas no "Boletín Oficial del Estado".

2.º Porá en coñecemento do Servicio de Defensa da Competencia os actos, acordos, prácticas ou conductas dos que puidese ter noticia no exercicio das súas atribucións e que presenten indicios de resultaren contrarios á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. Para tal fin, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións comunicará ó Servicio de Defensa da Competencia tódolos elementos de feito ó seu alcance e, se é o caso, remitirá un dictame non vinculante da cualificación que lle merecen eses feitos.

3.º Exerce-la competencia da Administración xeral do Estado para interpreta-las cláusulas dos títulos habilitantes para a prestación de servicios de telecomunicacións que protexan a libre competencia no mercado das telecomunicacións e dos servicios a que se refire o número 1 do punto dous deste artigo.»

Disposición adicional segunda. *Modificación do artigo 1.dous.2.g) da Lei de liberalización das telecomunicacións.*

Modifícase o artigo 1.dous.2.g) da Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións, que pasará a te-la seguinte redacción:

«g) Exerce-lo control sobre os procesos de concentración de empresas, das participacións no capital e dos acordos entre os axentes participantes no mercado das telecomunicacións e dos servicios

ós que se refire o número 1 do punto dous deste artigo, co obxecto de garantir, cando proceda, o cumprimento do deber de notificación obrigatorio ó Servizo de Defensa da Competencia nos termos establecidos nos artigos 14 e seguintes da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.»

Disposición adicional terceira. *Modifícase o artigo 16 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, que pasa a te-la seguinte redacción:*

«Artigo 16. *Discriminación e dependencia económica.*

1. O tratamento discriminatorio do consumidor en materia de prezos e demais condicións de venda reputarase desleal, a non ser que medie causa xustificada.

2. Repútase desleal a explotación por parte dunha empresa da situación de dependencia económica en que se poidan encontra-las súas empresas clientes ou provedores que non dispoñan de alternativa equivalente para o exercicio da súa actividade. Esta situación presumirase cando un provedor, alén dos descontos ou condicións habituais, deba conceder ó seu cliente de forma regular outras vantaxes adicionais que non se conceden a compradores similares.

3. Terá, así mesmo, a consideración de desleal:

a) A ruptura, aínda que sexa de forma parcial, dunha relación comercial establecida sen que existise aviso previo escrito e preciso cunha anticipación mínima de seis meses, salvo que se deba a incumprimentos graves das condicións pactadas ou en caso de forza maior.

b) A obtención, baixo a ameaza de ruptura das relacións comerciais, de prezos, condicións de pagamento, modalidades de venda, pagamento de cargas adicionais e outras condicións de cooperación comercial non recollidas no contrato de subministración que se teña pactado.»

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan a esta lei.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o Real decreto 157/1992, do 21 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, en materia de exencións por categorías, autorización singular e rexistro de defensa da competencia e o Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, sobre procedemento a seguir polos órganos de defensa da competencia en concentracións económicas e forma e contido da súa notificación voluntaria, seguirán en vigor ata o Goberno aprobar novos textos regulamentarios adaptados a esta lei.

Disposición transitoria única.

Os procedementos en materia de defensa da competencia iniciados antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse conforme as disposicións en vigor ata o de agora.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario da lei.*

1. Autorízase o Goberno para que no prazo de dezaioito meses dicte as disposicións regulamentarias que regulen os procedementos en materia de defensa da competencia.

2. Autorízase o Goberno para que no prazo dun ano dicte as disposicións regulamentarias de desenvolvemento do previsto no artigo 57 desta lei en materia de taxas.

Disposición derradeira segunda.

Antes do 1 de outubro do ano 2000, o Goberno presentará no Congreso dos Deputados un proxecto de lei polo que se regulen os criterios de conexión determinantes da atribución ó Estado e ás comunidades autónomas de competencias, previstas no marco legal de defensa da competencia, referidas ó coñecemento e aplicación da normativa estatal relativa a condutas prohibidas e autorizadas, en cumprimento da sentenza do Tribunal Constitucional do 11 de novembro de 1999.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado», a excepción do disposto no artigo trixésimo segundo, en canto se refire ó número 1 do artigo 56, da Lei 16/1989, do 17 de xullo, que entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano 2001, no relativo ó número 2 do artigo 56 da mesma lei, xa en vigor desde o 1 de xaneiro de 1998 en virtude da disposición transitoria décimo segunda da Lei 66/1997, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24707 *LEI 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.* («BOE» 311, do 29-12-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, derroga a Lei de contratos do Estado, introducindo importantes modificacións no réxime contractual das ditas administracións públicas, de conformidade cos obxectivos e finalidades que sinala a súa exposición de motivos.

Malia o relativo escaso tempo de vixencia da Lei de contratos das administracións públicas existen razóns que inciden na necesidade da modificación do seu texto que se realiza por esta lei. Por unha banda, dar cumprimento ó mandado contido na disposición transitoria décimo oitava da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que obriga o Goberno a lle remitir ó Congreso dos Deputados un proxecto de lei de reforma da citada Lei de contratos